ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

## ASUNTO: CONTRATACION DUN SERVIZO DE TELEFONIA MOBIL, FIXA E CONEXIÓN DE DATOS DO CONCELLO DE LUGO

Sendo as 13:00 horas do día 15 de novembro de 2012, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilmo Sr. Tenente de Alcalde e Concelleiro delegado da área de Urbanismo en substitución da Sr. Teniente de Alcalde e Concelleira delegada da área de economía, emprendemento, autónomos e educación, actuando como vocais dona María Esther Muñoz Mella, polo Grupo Municipal Socialista, dona Paz Abraira Sobrado polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Ángel Trabada Gómez polo Grupo Municipal Popular, don Marcial Rodriguez Toajas Interventor xeral do Concello, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, titular da asesoría xurídica do Concello, e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento.

Abre a sesión a Sr. Presidente e procédese por parte do Sr Secretario á lectura do informe técnico emitido polo Analista programador do Servizo de Informática relativo ao desglose económico nas distintas ofertas e a corección das mesmas, do que se extraen as seguintes conclusión:

"Ambas ofertas inclúen o desglose económico nos termos establecidos no prego de prescripcións técnicas, así como os datos necesarios para a valoración dos criterios cuantitativos de xeito sinxela, segundo os tramos establecidos para cada criterio no prego de prescripcións técnicas"

A continuación os membros da mesa proceden a elaboración do cadro final de puntuacións, co seguinte resultado:

| | PROPOSTA TÉCNICA (AVALIABLE MEDIANTE XUIZO DE VALOR) | PREZO | RESTO CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE | TOTAIS |
|---|---|---|---|---|
| R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A. | 45 | 44,17 | 55 | 144,17 |
| UTE TELEFÓNICA ESPAÑA S.A.U- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U | 72 | 45 | 55 | 172 |

A vista do cal os membros da mesa acordan propoñer a adxudicación da contratación de referencia a mercantil UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, por ser a oferta máis vantaxosa no seu



MURALLA
patrimonio da humanidade

conxunto para este Concello nas condicións incluidas na súa proposta técnica e económica

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE

Asdo.: Luis Álvarez Martinez

O SECRETARIO

Asdo.: Manuel Louzao Aldariz